

Expediente IET: P-22-414
Proxecto: Parque eólico Touriñán III-2
Concellos: Cuntis, A Estrada e Campo Lameiro (Pontevedra)
Promotor: Greenalia Wind Power Touriñán, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 13/05/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Touriñán III-2.

1. Antecedentes:

Con data do 21/05/2012 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este parque eólico, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Con data do 24/09/2013 a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental (DIA) do proxecto do Parque eólico Touriñán III-2.

Posteriormente a empresa promotora presenta un proxecto modificado. O órgano substantivo estableceu que as modificacións introducidas son substanciais, polo que determina que o proxecto debe someterse de novo ao trámite de avaliación ambiental.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

A documentación que se somete a informe é o estudo de impacto ambiental (con data de agosto 2021, asinado o 29/10/2021) e o proxecto de execución (con data de agosto 2021, asinado o 25/03/2022).



O proxecto consiste na construción do parque eólico Touriñán III-2, de 24 MW, composto por 5 aerogeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, subestación transformadora, edificio de control, e liña aérea de evacuación). Os aerogeradores acadan unha potencia unitaria de 5 MW, agás o AE-01 limitado a 4 MW. Tres dos aerogeradores terán unhas dimensións de 90 metros de altura de buxa, e 145 metros de diámetro de rotor, e os outros dous 84 metros e 132 metros, respectivamente. O edificio de control, cunhas dimensións de 34 x 10 metros e 3,80 metros de altura, construírse mediante bloques prefabricados de formigón, cerramentos de fábrica de ladrillo con recubrimento de morteiro monocapa raspado no exterior e cuberta inclinada a dúas augas. A LAT de evacuación apoiárase en dúas torres de celosía discorrendo nun tramo de 54,03 metros ata entroncar coa LAT Pico Touriñán-Tibo. A lonxitude total dos accesos é de 9.804 metros, dos cales 3.554 metros son de nova construción e 6.250 metros serán modificacións de camiños existentes. Así mesmo, a lonxitude dos camiños de acceso aos apoios da LAT é de 54,8 metros. As gabias para a canalización eléctrica acadará unha lonxitude total de 4.628 metros.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo 4).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, o proxecto localízase nas grandes áreas paisaxísticas Galicia Central e Rías Baixas, nas comarcas paisaxísticas Terra de Montes-Alto Léz, e Umia-O Salnés e Baixo Léz, respectivamente. As áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) máis próximas son a AEIP-08-10 Área arqueolóxica de Campo Lameiro, a 3,1 km ao suroeste; as AEIP-08-09 Castro de Penalba e AEIP-08-23 San Xusto – Río Léz a 4,8 km tamén en dirección suroeste; e a AEIP-07-33 Coto de Codeseda, a 5,6 km ao nordés. Respecto aos miradoiros, ao redor do parque localízanse os seguintes: Moraño, 4,4 km ao suroeste; Alto das Quintas, 4,6 km ao nordés; Penalba, 5,3 km ao suroeste; Monte Fental, 6 km ao norte; Parque Maráns, 6,7 km ao noroeste; Miradoiro O Castro-Eira dos Mouros-Trocastello, a 7,5 km ao noroeste; Pedrouzos, 8,2 km ao sueste; Limeres e Monte das Fragas a 9,2 km ao suroeste e sueste, respectivamente; e Monte Coirego a uns 9,6 km ao suroeste.

En relación a outros valores recollidos no Catálogo das paisaxes, o sendeiro Gr 94 Rural de Galicia, discorre, en dirección norte-sur a 1,4 km ao oeste do aerogenerador máis próximo, e o PR-G 123 Senda peonil da Ponte do Ramo, sitúase a uns 2 km ao noroeste.

O parque eólico localízase nunha contorna de montes que acadan unha altitude de 800 metros, con cumios suaves de pendentes baixas ou moderadas. Os terreos nos que se proxectan as infraestruturas pertencen principalmente á bacía do río Umia, e en menor medida sobre as do rego Maneses e o rego dos Calvos. Nas zonas elevadas domina principalmente a vexetación arbustiva sobre a que resaltan numerosos afloramentos rochosos de granito. Tamén aparecen áreas con repoboacións de eucalipto e piñeiro, e manchas de frondosas autóctonas, fundamentalmente asociadas aos cursos de auga. Os núcleos de poboación, de carácter compacto, sitúanse nas zonas de topografía menos acusada, a media ladeira ou nos vales fluviais, presentando unha tradicional paisaxe agraria con prados e campos de cultivos ao redor das aldeas. As vías de comunicación máis próximas ao parque son a estrada autonómica PO-222 e a provincial EP-8305; algo máis lonxe discorren a PO-230, EP-7022 e a EP-8301.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta dunha diagnose do estado actual da paisaxe tomando como referencia o contido do Catálogo das paisaxes de Galicia, un estudo da calidade e a fragilidade visual do ámbito, descríbense as características básicas do proxecto, calcúlanse as cuncas visuais para un radio de 15 km, identifícanse e valóranse os impactos e se describen as medidas preventivas, correctoras e compensatorias adoptadas para minimizalos. Inclúese un apartado coa xustificación do cumprimento das Directrices de paisaxe.





Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP incorpora gráficos e planos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores e un plano da cunca visual para o conxunto do parque. Ademais, calcúlase o grao de visibilidade en función da distancia e o número de aeroxeradores visibles, e se valora a incidencia visual sobre elementos de interese paisaxístico, cultural ou natural, núcleos de poboación e principais vías de comunicación, plasmando o resultado en planos específicos (Planos nº. 5.1 e 5.2). Así mesmo, avalíanse os efectos sinérxicos dos parques próximos existentes ou en tramitación. O estudo complétase con fotografías do ámbito e infografías nas que se representa a visibilidade das infraestruturas dende distintos elementos de interese paisaxístico e cultural, núcleos de poboación e estradas máis importantes.

Segundo a análise de visibilidade realizada no EIIP, os aeroxeradores serán visibles dende distintos elementos de interese paisaxístico como son as AEIP, miradoiros e rutas de sendeirismo. A este respecto cabe destacar a alta incidencia visual que se producirá, dada a distancia existente e o potencial número de observadores, sobre a metade leste da AEIP-08-10 Área arqueolóxica de Campo Lameiro, dende onde serán visibles os cinco aeroxeradores do parque.

En canto á incidencia sobre os núcleos rurais, esta tamén será alta, posto que ao redor do parque existen numerosos asentamentos, situados a curta distancia das infraestruturas. Así mesmo, dentro da cunca visual do parque localízanse os núcleos urbanos de Campo Lameiro, situado a uns 5 km ao suroeste, e Moraña e Cuntis a uns 7 km ao oeste e noroeste, respectivamente. O proxecto provocará, polo tanto, un impacto paisaxístico derivado da intrusión visual das infraestruturas do parque, principalmente os aeroxeradores, por situarse en posicións elevadas, o cal lles confire unha alta visibilidade. Estes impactos veranse incrementados pola sinerxía cos outros desenvolvementos eólicos en funcionamento, autorizados ou en tramitación, posto que nun radio de 5 km, segundo os datos do Rexistro eólico de Galicia, aparecen 5 parques, correspondéndose os máis próximos a un proxecto en tramitación localizado a 900 metros en dirección leste, e outro autorizado a 1,8 km ao sueste.

Outros impactos produciranse sobre elementos naturais que engaden riqueza ás escenas paisaxísticas destes montes, como son os afloramentos rochosos, en particular nas posicións do AE-01 e AE-05. Este impacto non está suficientemente analizado no EIIP.

O proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística, as cales están relacionadas maiormente coas normas e recomendacións recollidas nas Directrices de paisaxe de Galicia, e inclúe un plan de restauración encamiñado á recuperación das áreas afectadas polas infraestruturas do parque. Tales medidas poden considerarse en xeral adecuadas para reducir ou mitigar os impactos sobre a paisaxe, se ben deberán completarse de acordo co que se indica no punto 6 do presente informe.

6. Conclusión:

Polo que atinxe ao contido do EIIP, este considérase, en xeral, axustado ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG. Non obstante, deberanse ter en conta as consideracións que se indican neste apartado.

O principal impacto paisaxístico deste proxecto será a incidencia visual producida polos aeroxeradores, que pola súa forma e altura, serán visibles desde unha ampla extensión de terreos e a longas distancias; esta incidencia perdurará no tempo durante o tempo en que estean instalados os aeroxeradores, e verase incrementada polo efecto sinérxico derivado da presenza doutros parques eólicos na contorna. Neste caso, entre as zonas afectadas pola incidencia visual cabe destacar as AEIP, miradoiros, rutas de sendeirismo, e os núcleos de



poboación. Esta incidencia visual, aínda que non pode ser mitigada con medidas correctoras agás nos núcleos rurais, non supón un impacto crítico. A este respecto, considérase adecuada a medida recollida no EIIP, relacionada coa directriz de paisaxe DX.20.c, de prever a execución de pantallas vexetais nos núcleos de poboación de existir unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores.

En relación a outros impactos, deberase completar o EIIP coa identificación das formacións rochosas, abondosas nestes montes, que poidan ter valor paisaxístico e analizar o impacto do proxecto sobre as mesmas. En base ao anterior, e de acordo coa directriz de paisaxe DX.17.a.4, deberase evitar a afección aos afloramentos rochosos, en particular na contorna das posicións dos aeroxeradores AE-01 e AE-05.

Así mesmo, de acordo coa directriz de paisaxe DX.20.f, deberanse aproveitar ao máximo os camiños xa existentes, co fin de minimizar a alteración da topografía e os movementos de terra. A este respecto, deberase estudar como alternativas de accesos aos aeroxeradores AE-01 e AE-02 o camiño que, partindo do acceso acondicionado para a SET, discorre ao sur e en paralelo ao regueiro Ponte dos Fornos, ou o camiño que parte do acceso ás máquinas AE-03 e AE-04 e discorre en dirección sur. De non seren viables estas alternativas de trazado, deberá quedar oportunamente xustificado.

En todo caso, de acordo co artigo 30.3 do RLPPG, as medidas de integración paisaxística deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

